



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2018/12

Órgano Colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria

Ordinaria

Data

8 de novembro de 2018

Duración

Desde as 20:42 ata as 21:47 horas

Lugar

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por

JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Secretaria

LUCÍA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
44089524L	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAS	SÍ
35455186L	MARÍA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	NON
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)
ALCALDE
Fecha Firma: 21/11/2018
HASH: 635ac328cccc4a6a6b15c3ae9f9672



LUCIA ARTIME ALONSO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 21/11/2018
HASH: d00ac2fac76acdf99e43bf7d9f9c86



ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NUGCEZ3M747GFHYWUJQF2DEE | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico. Cesiona | Página 1 de 15



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
35445066L	ROSA MARÍA MÉNDEZ ARAGUNDE	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 18 DE OUTUBRO DE 2018

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 18 de outubro 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

EXPEDIENTE 5603/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN COS RECORTES DO GOBERNO GALEGO NA SANIDADE PÚBLICA E NECESIDADE DE CONTAR CON RECURSOS MÉDICOS PRECISOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN AOS DOENTES

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por tratarse dunha moción presentada polo grupo político municipal de Móvete, toma a palabra a súa voceira, **Dna. Mar Blanco**, quen pasa a expoñer a dita moción, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*"A ESTRADA, paradigma da situación da atención primaria.
A tarde do pasado 4 de agosto, unha persoa enferma entraba no servizo de Urxencias no PAC da Estrada, na procura de atención médica para os síntomas que presentaba. O único equipo médico que naquel momento estaba dispoñible no PAC estaba fóra do centro atendendo un paciente noutro lugar do Concello.*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJJCE23M747GFHYWJQJF2DEE | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 2 de 15



Tras unha hora de espera, en urxencias, sen persoal sanitario, o paciente faleceu, tras unha indisposición, afogado no seu propio vómito.

O PAC estivo aproximadamente dúas horas sen persoal sanitario (médica e enfermeira).

José Manuel Rey Brea non é un número. É un nome. É unha persoa.

Unha persoa que acudiu a Urxencias a pedir axuda. E non había ninguén para axudalo.

Este é o drama.

En pleno século XXI, nun dos países máis desenvolvidos do mundo, un paciente vai a Urxencias e falece por falta de atención sanitaria.

En Galicia este verán morreu unha persoa nun hospital público por falta de atención sanitaria, porque non había persoal sanitario.

O sucedido é inmoral e ademais, ilegal.

É absolutamente inmoral que o SERGAS non dispoña de persoal sanitario suficiente para ter atendidos os Puntos de Atención Continuada do noso país.

É unha vergoña que o SERGAS permita ter un servizo de urxencias sen persoal sanitario un día calquera pola tarde.

É unha indignidade que faleza unha persoa, un ser humano agardando unha hora por un médico en Urxencias e que o presidente da Xunta non tivese nada que dicir ao respecto.

Pero é que ademais, a situación na que se atopaba ese PAC é ilegal e contraría as propias instrucións da Consellería de Sanidade.

En efecto, segundo a Orde da Consellería de 4 de xuño de 2008, todos os PACs deben contar cun Plan funcional que planifique a súa actividade, e debe contar, como mínimo:

- cun estudo de necesidades (horas estruturais), que se traduce en equipos sanitarios traballando no PAC e
- os criterios para a cobertura das ausencias imprevisibles.

O PAC da Estrada conta con este Plan que establece que un sábado pola tarde o centro debe dispoñer de DOUS EQUIPOS SANITARIOS.

Esta é a norma da propia Consellería.

Sen embargo, só HABÍA UN EQUIPO SANITARIO, que estaba nun servizo fóra do Centro cando isto sucedeu.

Por iso José Manuel non recibiu asistencia sanitaria a tempo. Porque o SERGAS incumpriu a norma da Consellería de SANIDADE.

A propia Orde da Consellería establece un sistema para activar as chamadas “ausencias imprevisibles”, polo que abondaba con activar este sistema, mediante o que se coñece como “listas de dispoñibilidade”. Con este sistema, análogo a unha garda localizada, en caso de “descuberto”, evítanse as posibles situacións de ausencias imprevisibles, enviando automaticamente ao persoal sanitario dispoñible a facer o servizo.

A información do SERGAS é aínda máis reveladora da súa incompetencia, xa que recoñece que este problema está xeralizado no verán. Daquela recoñecen que as necesidades son programables e non imprevisibles.

NO FONDO, OS RECORTES E A PRECARIIDADE.

O sistema definido legalmente dende 2008 só require ser activado polas xerencias, pero, non se fai porque as listas de dispoñibilidade hainas que pagar e porque esas gardas localizadas requiren unha actitude proactiva das xerencias, unha boa xestión dos recursos.

E o Goberno galego dá instrucións ás Xerencias para evitar desenvolver o sistema de DISPOÑIBILIDADE, PORQUE CUSTA DIÑEIRO. E logo se amparan en que non hai xente nas listas. Non é verdade.

En Galicia non hai pleno emprego no sector sanitario e o sistema de dispoñibilidade permite a incorporación flexible de profesionais ao servizo.

Visten de solución improvisada das xerencias o que son carencias estruturais do sistema sanitario por uns recortes en persoal, e por unha precarización das súas condicións de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWUJQF2BEE | Verificación: <http://sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 15

traballo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a acabar con esta política de recortes que pon en perigo a calidade asistencial da atención primaria e fomenta a precarización das condicións de traballo dos profesionais.

2. Instar á Xunta de Galicia a crear unha comisión no Parlamento para investigar o sucedido, e de ser o caso, propoñer melloras estruturais no sistema de provisión de baixas no SERGAS.

3. Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo unha Modificación de crédito para os orzamentos deste ano, para dotar de suficiente persoal sanitario todo o sistema sanitario público galego e facelo cunhas condicións laborais dignas."

Pide a palabra a voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, para manifestar a súa satisfacción por haber chegado, a partires da anterior moción e despois de debate, a adoptar un ditame unánime entre todos os grupos políticos con representación na Comisión Informativa respectiva, xa que é moi importante que se inste á Comisión de Investigación do Parlamento para que investigue e depure responsabilidades pola morte ocorrida no noso PAC, xa que dita Comisión está a tratar varios temas menos este, o que lle parece preocupante. Polo dito, propón unha emenda á proposta de acordo que incluía o ditame e así engadir un punto máis que faga referencia á esixencia á Xunta de Galicia que asuma o compromiso de reforzar o PAC de A Estrada mediante a dotación expresa dun segundo equipo médico.

Continúa a Sra. Louzao dicindo que no día de hoxe tiña lugar no Parlamento galego dunha Comisión de Sanidade na que se trataba unha proposición non de lei na que un dos puntos era que a Xunta de Galicia garantira que o suceso da nomeada morte non volviera a ocorrer, comprometéndose a reforzar o PAC cun segundo equipo médico, pero, sen embargo, o grupo do Partido Popular vetou esa proposta, votando en contra da mesma. Por iso, considera que esta corporación, no seu deber de defender os dereitos dos nosos/as veciños/as, debe incorporar a emenda proposta no acordo que se adopte nesta sesión plenaria.

Finalmente transmite o seu apoio á esta proposta e á inclusión da emenda formulada, facendo fincapé en que conste expresamente o compromiso da Xunta en dotar cun segundo equipo médico ao PAC de A Estrada, e, en caso de que no nos atendan, deben saber que seguiremos loitando para que esta petición sexa cumprida.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, trasladando a súa lelicia por haber chegado a consenso entre todos os grupos políticos, xa que a eles lles corresponde loitar para que se esclareza o que aconteceu aquel fatídico día de agosto no PAC do noso municipio e, polo tanto, son os que teñen que liderar a reclamación de que se garanta en todos os PAC a existencia de un segundo equipo e, por ende, no noso tamén.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que xa que na Comisión Informativa de Benestar Social a moción que se trata neste punto foi obxecto de debate, modificándose a súa parte dispositiva e adoptándose, por unanimidade, o ditame que se presenta nesta sesión. A este respecto, di que é sabedor que o SERGAS ten previsto un reforzo estrutural de dous médicos no noso centro de saúde para os fins de semana e días festivos, o cal xa é unha realidade, polo que considera que o único que podemos agora facer é solicitar á Xunta que garanta o cumprimento dese reforzo, xa que ao que se refire o grupo socialista na súa emenda é unha cuestión na que non debemos entrar, xa que se trata da capacidade organizativa do propio SERGAS.

Polo dito, considera que o terceiro punto que se quere engadir á acordo a adoptar debería quedar redactado do seguinte xeito: "Solicitar á Xunta de Galicia, no caso do PAC de A

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWUJQZFZDEE | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 4 de 15



Estrada, que garanta o cumprimento do reforzo estrutural existente durante os fins de semana e festivos.”

Sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE con data 08/10/2018 (2018-E-RCIO-7) para o rexeitamento dos recortes do goberno galego na sanidade pública e esixir os recursos médicos precisos para garantir a atención aos doentes.

Visto que o pasado 4 de agosto de 2018, unha persoa faleceu no PAC de A Estrada.

Visto que, con data 27/09/2018, o Parlamento de Galicia constituíu unha Comisión de Investigación, ao abeiro do falecemento ocorrido no PAC de A Estrada e pola problemática da Hepatite.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade en sesión celebrada o 31/10/2018.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apoiar e instar á Comisión de Investigación creada polo Parlamento Galego para que proceda a investigar de xeito adecuado e minucioso as causas que provocaron a morte do noso veciño o pasado 04/08/2018, depurando as responsabilidades pertinentes e tomando as medidas adecuadas para que este tipo de sucesos non volvan a ocorrer en ningún centro médico e sanitario.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia que dote do orzamento necesario ao servizo da sanidade pública para que se doten aos PAC e demais servizos sanitarios do territorio galego de persoal suficiente e medios adecuados e así garantir unha eficaz atención médica.

Terceiro.- Solicitar á Xunta de Galicia, no caso do PAC de A Estrada, que garanta o cumprimento do reforzo estrutural existente durante os fins de semana e festivos.

EXPEDIENTE 5887/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO O DÍA 25/11/2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, para manifestar, en primeiro lugar, a súa alegría por haber chegado a unha moción conxunta entre todos os grupos políticos con representación municipal en relación a un tema tan

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWJQF2DEE | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 15



importante e que, por desgracia e a pasares dos avances da sociedade, aínda hai que seguir loitando para erradicar a violencia contra as mulleres e, por iso, dende o Concello de A Estrada quérese demostrar a nosa unánime condena a este tipo de violencia que mata ás mulleres e tamén aos seus fillos e destrúe familias.

Di que, o Concello de A Estrada a través do servizo do CIM, aposta pola prevención, facendo fincapé na formación e educación na igualdade e, por esta razón, lévase dende fai anos realizando actividades, talleres e charlas sobre o tema da igualdade e, en particular, sobre a violencia de xénero en centros educativos de primaria e secundaria.

Ao abeiro do anterior e tendo en conta os argumentos aportados polos membros dos demais grupos políticos redactouse a seguinte moción conxunta:

“O ano 2018 ten sido moi importante para o feminismo, que foi de quen de mobilizar, cun éxito histórico, o pasado 8 de marzo unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de cuidados. Sen dúbida algunha unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A violencia contra as mulleres é unha das máis degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas nin niveis económicos. Está presente en épocas de conflito e en tempos de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e no benestar común que todas e todos queremos en convivencia.

A violencia de xénero non pode considerarse un problema exclusivo da esfera privada das mulleres, todas as administracións públicas e a sociedade en xeral, deben participar na erradicación desta lacra social. Xa non é un delito invisible, senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social que cada vez máis provoca momentos colectivos de rexeitamento visibles.

No que vai de ano, 43 mulleres foron asasinadas en España polas súa parellas ou ex parellas, sendo tres delas asasinadas en Galicia, actos de violencia e asasinatos que non só van dirixidas contra as mulleres, senón tamén contra os seus fillo e fillas, vítimas directas desta violencia sen sentido.

Polo anterior, recoñecemos que se van dando pasos e producindo avances co gallo de erradicar a violencia contra a muller, mostra é a creación dun Pacto de Estado contra a violencia de xénero no que se desenvolven una serie de medidas urxentes para a efectividade deste pacto; pero, aínda así, é necesario seguir avanzando e loitando contra esta problemática social.

Atendendo o anteriormente exposto, os grupos que forman parte da corporación do Pleno do Concello de A Estrada ACORDAMOS:

1.- Apoiar totalmente o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e expresar a nosa vontade de sumarnos, dende a administración local, a prol da erradicación da violencia machista

2.- Instar ás administracións estatal e autonómica para o efectivo cumprimento do Pacto de Estado dotándoo do contido económico adecuado para o seu cumprimento.

3.- Demandar o cumprimento da lexislación en materia de violencia machista, logrando obxectivos que garanten unha atención integral das vítimas de violencia de xénero, tal como dotar de persoal formado en este tipo de violencia e de atención específica das vítimas,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Verificación: 4NLCCEZ3M747GFHYWJLQF2DEE | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 6 de 15



instaurar mecanismos e procedementos que non agraven innecesariamente ás mulleres nos procesos xudiciais (espazos separados nas dependencias xudiciais, evitar o contacto visual co agresor....)”

Intervén a **Sra. Belén Louzao**, manifestando que a día de hoxe a violencia machista está a provocar un gran número de mortes e moitas persoas afectadas, por iso e tal como se recolle na moción conxunta, alégrese de haberse chegado a ese Pacto de Estado e a adopción de medidas urxentes para a efectividade do mesmo, pero, sen embargo, non todo está feito, sendo necesario esixir que se dote de fondos necesarios para que os concellos e demais administracións poidan tomar as medidas necesarias para erradicar este grave problema e dotar ás persoas afectadas de medios económicos para saír da situación violenta na que se atopan.

Polo anterior, di que é necesario que entre todos esixamos que se dote dos recursos económicos necesarios para levar adiante este Pacto de Estado e de medidas para o seu cumprimento, tales como acceso ao mundo laboral, ao outorgamento de axudas e, sobre todo, a facer as modificacións pertinentes no Código Civil para que as/os afectados/as reciban a asistencia necesaria, facendo fincapé na protección dos menores e na sensibilización das sentenzas xudiciais.

Finamente traslada o rotundo rechazo do seu grupo político a esta lacra social, así como o total apoio a esta moción, esixindo a toma de medidas para erradicar este tipo de actuacións violentas contra a muller.

A **Sra. Mar Blanco** mostra a súa alegría por haber acadado unha moción conxunta entre todos os partidos políticos en relación á violencia machista, considerando necesario que dende o Concello se asuma o compromiso de loitar con este problema, á vez que se asuma un marco competencial claro e un financiamento estable que permita garantir os servizos necesarios, tanto de prevención como de atención integral, ás mulleres vítimas de violencia e tamén aos/ás seus fillos/as no so municipio.

O **Sr. Xosé Magariños** intervén para dicir que, un ano máis, os compoñentes desta corporación chega a unha moción conxunta de condena á violencia de xénero; lembrando que este ano foi moi importante en relación a este tema, a causa desa mobilización xeral na que se deixou moi clara unha mensaxe sobre a necesidade de que pisemos o acelerador e que avancemos para acabar coa desigualdade e coa violencia machista. Continúa dicindo que nesta masiva mobilización exixiuse a todas as administracións o destinar unha maior cantidade de recursos humanos, económicos e materiais para erradicar este problema, sendo prioridade os 365 días do ano.

Di que o vindeiro 25 de novembro todos iremos á rúa para reclamar a necesidade de poñer fin a esta violencia, pero tamén para recoñecer os traballos que fixeron as distintas organizacións feministas para que esta loita estea enriba da mesa das institucións; a este respecto, dende as institucións, se recoñece o papel que se fixo nos últimos anos, pero tamén se recoñece que é necesario seguir avanzando, principalmente no ámbito xudicial.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cod. Validación: 4NUCCZ3M747GFHYWJQFZDEE | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 7 de 15



seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta elaborada entre os catro grupos políticos con representación municipal nesta Comisión Informativa, e que se transcribe de seguido:

"O ano 2018 ten sido moi importante para o feminismo, que foi de quen de mobilizar, cun éxito histórico, o pasado 8 de marzo unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados. Sen dúbida algunha unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A violencia contra as mulleres é unha das máis degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas nin niveis económicos. Está presente en épocas de conflito e en tempos de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e no benestar común que todas e todos queremos en convivencia.

A violencia de xénero non pode considerarse un problema exclusivo da esfera privada das mulleres, todas as administracións públicas e a sociedade en xeral, deben participar na erradicación desta lacra social. Xa non é un delito invisible, senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social que cada vez mais provoca momentos colectivos de rexeitamento visibles.

No que vai de ano, 43 mulleres foron asasinadas en España polas súa parellas ou ex parellas, sendo tres delas asasinadas en Galicia, actos de violencia e asasinatos que non só van dirixidas contra as mulleres, senón tamén contra os seus fillo e fillas, vítimas directas desta violencia sen sentido.

Polo anterior, recoñecemos que se van dando pasos e producindo avances co gallo de erradicar a violencia contra a muller, mostra é a creación dun Pacto de Estado contra a violencia de xénero no que se desenvolven una serie de medidas urxentes para a efectividade deste pacto; pero, aínda así, é necesario seguir avanzando e loitando contra esta problemática social.

Atendendo o anteriormente exposto, os grupos que forman parte da corporación do Pleno do Concello de A Estrada ACORDAMOS:

1.- Apoiar totalmente o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e expresar a nosa vontade de sumarnos, dende a administración local, a prol da erradicación da violencia machista

2.- Instar ás administracións estatal e autonómica para o efectivo cumprimento do Pacto de Estado dotándoo do contido económico adecuado para o seu cumprimento.

3.- Demandar o cumprimento da lexislación en materia de violencia machista, logrando obxectivos que garanten unha atención integral das vítimas de violencia de xénero, tal como dotar de persoal formado en este tipo de violencia e de atención específica das vítimas, instaurar mecanismos e procedementos que non agraven innecesariamente ás mulleres nos procesos xudiciais (espazos separados nas dependencias xudiciais, evitar o contacto visual co agresor...)"

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade en sesión celebrada o 31/10/2018.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Verificación: 4NJCCEZ3M747GFHYWJQF7DEE | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico. Gestiona | Página 8 de 15



ACORDAMOS:

Primeiro.- Apoiar totalmente o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e expresar a nosa vontade de sumarnos, dende a administración local, a prol da erradicación da violencia machista.

Segundo.- Instar ás administracións estatal e autonómica para o efectivo cumprimento do Pacto de Estado dotándoo do contido económico adecuado para o seu cumprimento.

Terceiro.- Demandar o cumprimento da lexislación en materia de violencia machista, logrando obxectivos que garanten unha atención integral das vítimas de violencia de xénero, tal como dotar de persoal formado en este tipo de violencia e de atención específica das vítimas, instaurar mecanismos e procedementos que non agraven innecesariamente ás mulleres nos procesos xudiciais (espazos separados nas dependencias xudiciais, evitar o contacto visual co agresor....).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

EXPEDIENTE 2783/2018. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS E DA PLATAFORMA DE RENDICIÓN DE CONTAS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Antes de dar conta deste asunto e en relación ao mesmo, o **Sr. Alcalde** quere poñer en evidencia que, segundo os datos que obran no informe de Intervención, estamos a cumprir coas obrigas que nos esixe a Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, sendo as súas conclusións xurídicas moi importantes e motivo para que o grupo de goberno se sinta satisfeito, xa que o informe de valoración de cumprimento de obxectivos contempla que no 3º trimestre deste ano este Concello cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, que o nivel de débeda viva alcanza os 3.773.641 euros, destacando que este ano poderase cancelar o crédito extraordinario contraído para facer fronte á expropiación dos terreos con destino á nova Alameda, polo que a finais deste ano a débeda viva quedará por debaixo dos 3.000.000 de euros.

Finalmente di que tamén se xunta os datos do período medio de pagamento deste Concello, acreditando que este é de 21,86 días, dato que deixa clara a situación envexable na que nos atopamos.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 31/10/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenrola as obrigas de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWUJQF2DEE | Verificación: <http://estrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 9 de 15



subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

Visto o informe emitido con data do 31/10/2018 pola intervención municipal.

Vista a demais documentación que consta no expediente.

DASE CONTA ao Pleno da Corporación, da seguinte documentación:

1º.- Dación de conta da comunicación de Rendición da información en tempo e forma, na OVEELL do 3º trimestre 2018 do Período Medio de Pago (PMP).

2º.- Dación de conta en tempo e forma, na OVEELL, do informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 3º trimestre 2018

3º.- Dación de conta en tempo e forma, na OVEELL, do Informe de Morosidade do 3º trimestre 2018.

4º.- Dación de conta da comunicación de Rendición da información e tempo e forma na OVEELL do Coste Efectivo dos Servizos das EELL no exercicio de 2017 (CESEL)

5º.- Dación de conta da comunicación de Rendición da Información a través da plataforma de "Rendición de Contas" da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de outubro de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-1141 ao número 2018-1283 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza a quenda o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, preguntando como se vai a solucionar o semáforo que hai na Avda Benito Vigo, concretamente o sito no paso de peóns que da paso á escola infantil, xa que este regula tan só a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cod. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYMLQF2DEE | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 10 de 15



circulación de vehículos e non o paso de peóns.

Tamén pregunta como está o tema da supresión das prazas de aparcamento na Gran Vía, se se seguen facendo xestións para retomar algunha delas ou ben vamos a quedar sen elas.

Finalmente quere saber como está o asunto relativo á traída de auga de Codeseda.

O **Sr. Alcalde** lle contesta, en relación ao semáforo do paso de peóns na Avda Benito Vigo, pediuse un orzamento para valorar cal sería o importe (existe un presuposto de 8.300,00 €) do cambio da regularización semaforica en varios puntos do caso urbano, esperando poder contratalo antes de fin de ano, en caso contrario se consignará no orzamento do ano que ven a correspondente partida para este investimento. Comunica que tamén hai outro problema a resolver sobre os semáforos no cruce da Avda de América coa Avda de Santiago, para o que se dispón dun orzamento de 7.000,00 €.

En relación á supresión de prazas de aparcamento na Gran Vía, existe un compromiso de Fomento para retirar os pivotes nas zonas cun arcén suficientemente ancho e con boa visibilidade para os peóns, e así permitir o aparcamento de vehículos.

E, no que respecta á traída de auga de Codeseda, estase na elaboración do Orzamento municipal para o vindeiro exercicio, no cal contéplase un investimento de 125.000,00 € (segundo Memoria valorada) para esta obra, estando neste momento coa legalización da captación de novas minas de auga, aclarando que hai o compromiso de executar a obra antes do inicio do verán próximo, aclarando que son moitos os trámites que hai que levar a cabo, tales como permisos dos propietarios, legalizacións ante outros organismos públicos, construción e instalación de depósitos, etc.

(ABANDONA A SESIÓN O CONCELEIRO D. XOSÉ MAGARIÑOS).

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, lembrado que no ano 2015 o Sr. Alcalde comprometéase que nun período de 6 meses estaría en funcionamento o Centro Hípico e coa creación dunha escola municipal de hípica, pero a día de hoxe aínda non está en funcionamento, polo que pregunta se se arranxou o problema para o uso correcto destas instalacións, a posible cesión das mesmas e, sobre todo, o que pasou coa creación da nomeada escola de hípica.

Resposta o **Sr. Alcalde** que nestes momentos estanse a facer actividades no recinto, pero aínda hai cuestións por resolver, tales como a inscrición no Rexistro da Propiedade e poder así levar a cabo a desinfectación e posterior cesión das instalacións; e, a segunda cuestión que se está a solucionar é o cambio do rexistro sanitario que, en principio, estaba vinculado a unha feira gandeira e agora hai que cambialo para unha actividade cabalar, pero mentres non se faga a cesión non se pode proceder a dito cambio rexistral. Di que espera que nos vindeiros meses estes problemas sexan resoltos.

Continúa a **Sra. Belén Louzao** en relación aos problemas que están a ter determinados usuarios para inscribirse nas actividades da piscina dentro do Programa de Maiores, xa que estes trasladan o seu descontento coa forma na que se fixo a asignación de prazas, denunciando que nun breve espazo de tempo cubríanse todas as prazas descoñecendo como se fixo. Polo dito, lle gustaría saber que foi o que pasou e que criterios se seguiron á hora de outorgar as prazas para participar na nomeada actividade e se pensa ampliar o prazo de presentación de solicitudes así como de participantes, xa que cada vez hai máis persoas maiores, sendo necesario contar con máis prazas para que todos teñan acceso ás

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCE23M747GFHYWJQJF2DEE | Verificación: <http://sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma eS@Publico Gestión | Página 11 de 15



actividades programadas para a terceira idade.

Lle resposta a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dña. Amalia Goldar**, que o número de prazas que se ofertan é de tan só 60, debido á capacidade e horario que outorga a empresa que xestiona a piscina da Academia; por outra banda, o procedemento que se seguía ata de agora era por orde de prioridades, sen embargo este ano efectuose a selección dos beneficiarios por orde de presentación das solicitudes e de non participación nesta actividade, deste xeito dábase cabida a aquelas persoas que nunca habían accedido á mesma; comenta que unha novidade neste ano é que aqueles usuarios que leven tres ausencias sen causa xustificada son dados de baixa automaticamente e, deste xeito, permítese que as persoas que están en lista de espera poidan acceder; este tipo de control o leva a cabo a empresa encargada de impartir a actividade, a cal manda semanalmente un parte de asistencia ao Concello, pero, aínda así, é moi difícil levar un control exhaustivo.

A **Sra. Belén Louzao** pide transparencia no proceso de solicitudes e admisión, mediante exposición pública.

Continuando na súa quenda e, en relación co Plan de Pavimentación, preguntando sobre o que pasa con aqueles compromisos que adoptou o Alcalde con algunhas parroquias do rural para o arranxo de infraestruturas moi deterioradas e non incluídas no devandito Plan, tales como pistas en Paramá, Requián, Santo André, Oca, Loimil, Castro, etc., lembrando que o noso rural está moi abandonado e necesita con urxencia de varias reparacións viarias.

O **Sr. Alcalde** reconece que as necesidades do rural son sempre inmensas, xa que temos dous mil quilómetros de estradas asfaltadas para manter, e, entre o investimento que se leva feito durante este ano máis os proxectos que están pendentes de executar, vanse a investir máis de 3.500.000,00 € para asfaltados no rural, entendendo que podería ser máis, pero a capacidade de xestión a a consignación orzamentaria acredita o esforzo que está a facer o grupo de goberno.

Continúa dicindo que o motivo de que existan pistas aínda se arranxar é porque estamos a espera dun proxecto que está en licitación por importe de 1.017.000,00 €, con cargo ao Plan de Investimento da Deputación para o ano 2019 e remitido no pasado mes de abril. No que respecta aos compromisos que se adquiriron con posterioridade á redacción deste proxecto se intentarán ir resolvendo con cargo a recursos propios e ás baixas dos proxectos mencionados.

Di que é mentira que vaia por aí comprometéndose a arranxar pistas, simplemente lle encarga aos técnicos municipais para que vaian a ver a situación da infraestruturas demandada e que vaian priorizando segundo as necesidades para a súa posterior incorporación a aqueles proxectos que se redacten nos próximos meses.

Finalmente, aclara que todos esas deficiencias no rural con interese para os veciños vanse a ir solucionando.

A **Sra. Belén Louzao** lamenta que o grupo de goberno se lembre sempre a última hora, xa que moitos dos proxectos en execución podían estar feitos, sobre todo tendo en conta na situación deplorable na que se atopan moitos viais do rural, pero di que así é a forma de traballar do Partido Popular.

Di o **Sr. Alcalde** que isto non sería así se a Deputación de Pontevedra non nos estivera boicoteando moitos dos nosos proxectos.

A **Sra. Belén Louzao** di que se se tramitaran en prazo e non a última hora as obras estarían xa feitas e os problemas solucionados.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cod. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHVMUQZFDEE | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 12 de 15



O **Sr. Alcalde** non está de acordo co manifestado pola Sra. Louzao, xa que todo foi tramitado en tempo e forma, e se lle dará prioridade absoluta a estas obras.

A **Sra. Belén Louzao** di que os prazos e datas dadas polo Alcalde xamais se cumpren, polo que pon en dúbida o dito.

Continúa trasladando o rogo de que se poden ás arbores existentes ás marxes das estradas que forman a ruta do autobús escolar do CEIP de Oca, segundo petición dos condutores dos autobuses e demais usuarios destas vías, xa que dificultan a súa circulación.

Tamén prega que o grupo de goberno modifique a súa política no que no bacheo se refire, porque son varias as parroquias que lle denuncian que os bacheos realizados son mellorables, xa que as reparacións das infraestruturas no rural que se están a facer causan perigo pola falta de corrección nos traballos realizados.

(ABANDONA A SESIÓN O CONCELEIRO D. ÓSCAR DURÁN BARROS)

Intervén a voceira de Móvete, **Sra. Mar Blanco**, para preguntar se hai algunha resolución con respecto á adhesión a campaña “en negro” para o 25/11/2018 con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, do que se tratou na última Comisión Informativa de Benestar Social.

A Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, lle responde que, despois de falar coa responsable do CIM, decidiuse non participar nesta campaña polo motivo de que xa se estaba e está traballando dende ese departamento na organización dunha propia campaña que inclúe diversas actividades con persoas xoves do noso municipio.

Continúa a **Sra. Mar Blanco**, en relación coa colocación das novas marquesiñas que se está a levar cabo, preguntando se se colocou unha no lugar de Constenla, parroquia de Cereixo, en caso negativo solicita que se coloque, xa que un veciño retirou a existente.

Di que lle gustaría saber se dende o este Concello se vai a levar a cabo algunha xestión para conseguir unha parada de transporte público en San Martiño - Barbude.

Pide que se inclúa a Rúa do Matadoiro no plan de asfaltados que está previsto levar a cabo dentro do Plan Concellos para este ano, e se non se pode facer por estar en licitación, entón que se teña en conta para un próximo.

Di que nestes días apareceu publicado na páxina de Facebook que o Concello de A Estrada ía a levar a cabo a selección de persoal para unha empresa, preguntando se isto é normal, se é unha obriga do Concello, de feito dáse un páxina de correo electrónico municipal para mandar os curriculum e indicando que a entrevista vaise a facer polo departamento de emprego do Concello de A Estrada, algo que lle sorprende moito ao considerar que esta non é competencia municipal ao tratarse dunha empresa privada.

Continúa dicindo que o semáforo da Gran Vía volve a estar avariado, algo que se está convertendo en habitual.

Contesta o Concelleiro **D. Juan M. Constenla** que está arranxado e funcionamento perfectamente.

A **Sra. Mar Blanco** demanda o mal funcionamento da depuradora de Sabucedo, considerando que compete a este Concello levar a cabo a reparación da mesma.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWJLQF2DEE | Verificación: <http://ae.estrada.sectelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico.Gestión | Página 13 de 15



O **Sr. Alcalde**, en relación á marquesiña de Constenla-Cereixo, di que a existente ata de agora foi retirada por estar sita nunha propiedade privada, ademais de non ser utilizada; pero, unha vez sexa necesaria, colocárase de novo nun lugar próximo e adecuado.

No relativo á noticia aparecida en Facebook sobre a selección de persoal dende o Concello para unha empresa privada, di que descoñece esa información, sen embargo a xestión desa páxina a levan os Axentes de Emprego, entre eles o da Fundación Cultural, polo que imaxina que sexa unha colaboración dentro das súas funcións, pero o descoñece, de todos os xeitos non é posible que a nivel administración se faga ese tipo de traballos.

Con respecto á depuradora de Sabucedo di que se trata dunha competencia da Xunta de Galicia e, polo tanto, o Concello non asumirá a súa xestión ata que a Xunta non subsane as deficiencias mediante a realización das obras que lle corresponden.

Volve a pedir a palabra a **Sra. Belén Louzao** para denunciar a altura na se están a poñer as novas marquesiñas co correspondente perigo que supón, polo que pide que polos técnicos municipais se revise.

Tamén pide que sexa convocada unha Comisión Informativa para falar sobre a Feira do Moble, algo que se solicitou xa nunha sesión pasada.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros membros, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún cidadá, ao abeiro do Regulamento de Participación Cidadán, que formular algún rogo ou pregunta:

Pide a palabra **D. J. Manuel Baños Miranda** (DNI ██████████), en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Paramá, solicitando que sexa arraxada a pista de Constenla, límite co Concello de Cuntis.

O **Sr. Alcalde** di que será incluída no próximo proxecto de asfaltado, xa que no actual non se pode incluír por estar xa en fase de licitación.

Continuando coa súa intervención, o **Sr. Baños Miranda** pide que se substitúa un contedor amarelo roto, solicitude que xa se fixo no mes de marzo deste ano sen haber recibido ningunha contestación.

Resposta o **Sr. Alcalde** que é a empresa Celtaprix e que ten a concesión do servizo de recollida do lixo do contedor amarelo e se lle trasladou a petición, de todos xeitos este Concello está descontento coa xestión realizada pola dita empresa así como coa responsable da recollida de vidro, por tal razón estase a traballar para adxudicar novamente estes servizos así como o do Punto Limpo. Lle informa que se seguirá insistindo para que repaña ese contedor.

O **Sr. Baños Miranda** comunica que hai unha luz pública no lugar de Paramá moito tempo cortada e os electricistas municipais lles din que non se pode conectar, polo que pide que sexa posta en funcionamento.

O **Sr. Alcalde** di que descoñece esa situación, pero se o servizo municipal di que non pode conectar supón que haberá algún motivo para que non se poda prestar ese servizo, pero lle preguntará aos responsable do servizo cal é a razón.

O **Sr. Baños** di que ese alumado foi sufragado cos cartos dos veciños, e pide por favor que se solucione ese problema.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCCEZ3M747GFHYWUJQFZDEE | Verificación: <http://estrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 14 de 15



Resposta o **Sr. Alcalde** que moitos deses postes de alumado foron colocados en propiedades privadas e, aínda que foran costeados polos veciños, o Concello tería que sufragar os gastos do alumado que están en propiedades privadas, en definitiva o Concello está para pagar os custes do alumado público e non do privado.

Continúa dicindo que, no seu momento, cando se decidiu apagar moitos puntos de luz, se fixeron principalmente aqueles que estaban en propiedade privada, xa que o Concello non ten obriga de correr cos gastos de iluminación dentro da propiedade dos veciños.

Non habendo máis intervencións procédese a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas cuarenta e cinco minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0015 Fecha: 21/11/2018



Cód. Validación: 4NJCEZ3M747GFHYWJQF2DEE | Verificación: <http://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págs 15 de 15

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233